



FOLLA DE VISITA A PEQUENO COMERCIO

Data e hora da visita: 29 de Xaneiro do 2023

Grupo de visita: Autoavaliación

Nome da tenda: Árbore

Nome da/s persoas representante: Cándido Martínez (Responsable de compras da cooperativa)

Enderezo: Rúa López Mora, 30 baixo

Razón Social: Consumo Consciente Árbore, Soc. Coop. Galega

Teléfono: 986233497

Páxina web: www.arbore.org

Forma Xurídica da empresa: Cooperativa de consumidoras

Número de persoas asalariadas e situación laboral.	5 persoas, todas elas socias de traballo da cooperativa con contrato indefinido, e con contratos que varían entre as 20h/semanais e as 35h/semanais.
Breve descrición do proxecto, pequena reseña histórica.	Árbore é unha cooperativa de consumidoras que xurde da necesidade de dispoñer de alimentos procedentes da agroecoloxía (e agricultura ecolóxica certificada habitualmente) e colaborar coas produtoras locais. Máis alá disto e de partida existían na cooperativa toda unha serie de sensibilidades que se recollen nos estatutos e no evoluir do proxecto: economía social, animalismo, coñecemento libre, ecoloxismo, decrecentismo... Despois de 5 anos de forte crecemento e investimento (2015-2020), agora mesmo a cooperativa está nun momento de cambio no que será necesario afrontar tempos de incerteza para a economía no seu conxunto e para o pequeno comercio en particular.
Productos que vende	Temos unha ampla variedade de produtos (para o que podería ser unha pequena tenda) entre as que destacaríamos as familias de fresco (froitas e hortalizas), graneis e alimentos no perecedoiros (grans e legumes secas, distintos tipos de alimentos procesados, conservas, fermentados...). Pero tamén temos produtos de hixiene persoal e do fogar, cosmética e unha moi pequena sección de suplementos. Cabe destacar que a cooperativa exclúe os produtos derivados da morte dos animais segundo os seus

	proprios estatutos.
¿Vende produto fresco convencional?	Na práctica totalidade dos casos o produto é certificado Eco (non se sinala nada na etiqueta porque é o máis habitual) ou certificado polo SPG A Gavela, e neste caso sinálase a certificación so SPG. Cabe destacar que aínda que para nos os produtos do SPG contan con total confianza non se usan mencións Eco ou semellantes para non entrar en conflito coa normativa ecolóxica europea.
¿Vende produto fresco foráneo?	Si, por moito que intentamos promover (tanto por prezo como por compra) o produto local ou de distancias medias (Galicia, Norte de Portugal nalgún caso), completamos a oferta con produto de fora de Galicia, sendo a día de hoxe unha parte importante da nosa oferta. Cabe destacar que dende o ano 2021 estamos facendo esforzos por contar cunha maior información da cantidade das compras locais e de fora para poder compartir co SPG e outras organizacións nas que participamos. Por último, mencionar que a cantidade de venda de fresco local con respecto ao fresco foráneo está incrementándose grazas ao bo traballo das produtoras locais coas que traballamos, moitas delas pertencentes ao SPG A Gavela.
¿Adscríbese na idea do “consumo responsable”?	Si o facemos, como principio fundamental da cooperativa. Cabe recoñecer que como é habitual, o propio concepto de consumo responsable e a súa aplicación supón non poucas contradicións, no sentido de que o ter unha ampla gama de alimentos e artigos á venda nos fai caer en incoherencias, pero isto non quita que traballemos de forma continua para buscar as mellores alternativas dende o punto de vista do consumo responsable.
¿Participa noutros proxectos da economía social?	Formamos de forma estable, parte de distintos proxectos e redes de economía social: Coop57, Fiare Banca Ética, Som energia, Nosa enerxía, REAS Galicia. Intentamos non so formar parte destas organizacións e redes, senón tamén espallar o seu traballo entre as socias da nosa cooperativa e o público en xeral.
Outras observacións	Existe un compromiso cos principios do SPG e consideramos que estamos fortalecendo esta participación. Recoñecemos que temos que seguir facendo esforzos na comunicación de todo o referente ao SPG, pero en

	termos xerais penso que que estamos avanzando, aínda lentamente neste camiño.
--	---

Compromiso de aceptación dos seguintes principios:

- Os pequenos comercios adheridos ao SPG deberán participar de forma solidaria nas actividades de certificación e nos órganos de goberno dos que se dote a organización para o seu funcionamento.
 - Debe existir o compromiso de publicitar o SPG e as actividades relacionadas nos medios de comunicación usados polo comercio (na propia tenda, a través dunha páxina web, redes sociais,...).
 - Os comercios deberán informar produto por produto, e de non ser posible cunha listaxe xenérica, da procedencia dos diferentes produtos. Facilitando desta forma o coñecemento por parte dos consumidores e consumidoras da orixe dos alimentos que consumen e dos labregos e labregas que as producen.
 - Debe existir unha preferencia pola venda de produtos locais (e por tanto de tempada). De existir oferta suficiente de produtos que cumpran os criterios de calidade do SPG, como mínimo o compromiso será ter alternativas locais a outros produtos que non o sexan.
 - Darlle sempre maior importancia aos produtos de tempada, non se trata so de limitar a oferta dos produtos que non o sexan, senón tamén informar para que se coñezan.
- Colaborar, na elaboración e funcionamento de sistemas de regulación dos prezos de compra dos produtos comprendidos dentro do SPG

AUTOAVALIACIÓN DA PARTICIPACIÓN

DATA: Xaneiro 2023

O SPG A Gavela é un sistema participativo, como o seu nome indica, no que todxs colaboramos para o seu funcionamento e desenvolvemento, non ten sentido doutro xeito xa que esta idea de construír en colectivo está na súa orixe e é un dous seus principios fundamentais. Valora a túa participación, comenta o que consideres.

<p>ASEMBLEAS: Acordamos asistir a un mínimo de 2 asembleas das catro que facemos anualmente. A cantas asembleas asistiches este ano?</p>	<p>Temos participado en todas as asembleas do 2022.</p>
<p>VISITAS DE VERIFICACIÓN Acordamos participar en tres visitas por proxecto ao ano. En cantas participaches nesta última temporada?</p>	<p>Participamos en tres visitas no 2022.</p>
<p>COMISIÓNS Colaboras nalgunha comisión?</p>	<p>Na de comunicación externa.</p>
<p>OUTRAS ACTIVIDADES Con que outras actividades colaboraches neste último ano?</p>	
<p>COMENTARIO XERAL (OUTRAS IDEAS DE PARTICIPACIÓN, PROPSOTAS....)</p>	

Lugar e data

29 de Xaneiro do 2023

Asinan

As interesadas
Cándido Martínez

As persoas do grupo de visita
NON HAI VISITA, AUTOAVALIACIÓN